

## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES**

### **Artigo 1º. Tipo impositivo**

De conformidade co previsto no artigo 72 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais:

- a) O tipo de gravame do imposto sobre Bens Inmobles aplicable ós bens de natureza **urbana** fíxase no **0,60%**.
- b) O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable aos bens de natureza **rústica** fíxase no **0,3%**.
- c) O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable aos bens de características especiais fíxase no **0,6%**

### **Artigo 2º. Exencions**

1. Gozarán de exención ós inmobles previstos no artigo 62.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
2. Por de criterios de eficiencia e economía na xestión recadatoria do tributo, gozarán asimesmo de exención os seguintes inmobles:

- a) Os de natureza urbana cuia cota líquida non supere os 3.00 euros.
- b) Os de natureza rústica, no caso que, para cada suxeito pasivo, a cota líquida correspondente á totalidade de bens rústicos posuídos no Municipio sexa inferior a 4 euros.

### **Artigo 3º. Bonificacións**

1. Gozarán dunha bonificación do 50 por 100 na cota do imposto os inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta, e que non figuren entre os bens do seu inmovilizado.

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá dende o período impositivo seguinte a aquel en que comecen as obras ata o posterior ó remate das mesmas, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que, en ningún caso, poida exceder de tres períodos impositivos. A solicitude da bonificación débese formular antes do comezo das obras, entendendo por tal o día seguinte á notificación do acordo de concesión da licenza, por parte da administración municipal.

Para disfrutar da citada bonificación, os interesados deberán presentar a documentación seguinte:

- a) Acreditación de que a empresa se dedica á actividade de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, mediante a presentación dos estatutos da sociedade.
- b) Acreditación de que o inmovible obxecto da bonificación non forma parte do inmovilizado, mediante certificación do Administrador da Sociedade, ou fotocopia do derradeiro balance



presentado ante a Axencia estatal da administración tributaria, ós efectos do Imposto sobre Sociedades.

c) Copia da solicitude de licencia de obra, se non se presenta simultaneamente.

2. As vivendas de protección oficial e as que resulten comparables a éstas conforme á normativa da Xunta de Galicia, disfrutarán dunha bonificación do 50 por 100 durante o prazo de tres anos, contados dende o exercicio seguinte ó do outorgamento da cualificación definitiva. Esta bonificación terá que ser solicitada polo interesado en calquera momento anterior a terminación do prazo de tres anos e terá efectos desde o período seguinte ao da solicitude.

3. As bonificacións, previo informe dos departamentos municipais que correspondan, serán concedidas ou denegadas pola Xunta de Goberno Local

#### **Artigo 4º. Infraccións e sancións**

Para todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e a imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 178 e seguintes da L.X.T.

#### **Disposición derradeira**

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o mesmo día da súa publicación íntegra no BOP de Ourense, permanecendo en vigor até a súa modificación ou derogación expresa.

Vº e praxe  
A Alcaldesa

O Secretario

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

